

BLOQUE 7: A II REPÚBLICA E A GUERRA CIVIL**TEMA 26: AS GRANDES REFORMAS DA REPÚBLICA**

Coa proclamación da II República (14 abril de 1931) e a abdicación de Alfonso XIII comezará a dirixir o país un GOBERNO PROVISIONAL, encabezado por Alcalá-Zamora que comezará unha PROGRAMA DE REFORMAS moi ambiciosas que abarcarán moitos ámbitos: educación, exército, propiedade da terra, relación Igrexa-Estado, etc.

Coas eleccións constituíntes en xuño de 1931, comezará o chamado BIENIO REFORMISTA (decembro 1931-novembro 1933), onde o novo goberno de maioría de esquerdas continuará e ampliará estas reformas.

Estas reformas xerarán un gran rexeitamento por parte dos sectores da dereita e serán criticadas como insuficientes por parte da esquerda.

1) GOBERNO PROVISIONAL E BIENIO REFORMISTA

- Inicio das reformas en 6 fronteas: o Exército, a Igrexa, a educación, o campo e os procesos autonómicos, e o ámbito laboral:

1.1. REFORMA DO EXÉRCITO:

- Inicio da reforma durante o Goberno provisional: Ministro de Guerra: Manuel Azaña. Continúa durante o Bienio Reformista.
- Intento de afrontar os problemas do Exército español:
 - Exceso de altos cargos (maioría opostos á República e con afán golpista)
 - Falta de material punteiro e de equipamento.
 - Fortes privilexios e exceso de poder político.
- Para limpar o exceso de altos cargos → oferta de xubilación con soldo íntegro, conseguindo que diminuísen estes altos cargos. Anulación dos ascensos durante a ditadura de Primo de Rivera.
- Para intentar frear as ambicións golpistas:
 - Obriga do xuramento de fidelidade á República.
 - Eliminación da lei de Xurisdicións.
 - Clausura da Academia Militar de Zaragoza, dirixida polo xeneral Franco.
 - Creación da GARDA DE ASALTO, un corpo de policía armada novo, leal á República
- Resultados, en principio, positivos, pero non conseguen “republicanizar” ao Exército, o cal será un problema ao longo do período:
 - O Exército está en contra deste tipo de medidas → Intento de golpe de Estado: “**SANJURJADA**”: 10 de agosto de 1932 o Xeneral Sanjurjo encabezou un levantamento

militar en Sevilla, contando co apoio dalgúns militares, monárquicos e grandes terratenentes andaluces. O Goberno puido controlar a situación e os instigadores foron detidos e condenados.

1.2. REFORMA RELIXIOSA:

- A Igrexa, tradicionalmente, dera o seu apoio aos sectores conservadores e monárquicos.
 - Forte anticlericalismo nos sectores máis extremos da esquerda: queima de igrexas e conventos en varias cidades de España.
- A nova Constitución establecerá unha serie de medidas moi incómodas para a Igrexa Católica, e desenvolvidas na **Lei de Confesións e Congregacións relixiosas**:
 - Laicismo do Estado.
 - Legalización do divorcio
 - Legalidade do matrimonio civil fronte ao relixioso.
 - Secularización dos cemiterios.
 - Prohibicións ás ordes relixiosas exercer o ensino ou de realizar actividades económicas.
- Consecuencias:
 - Certa resistencia á laicización do estado > aumento do número de persoas do clero e de institucións.
 - Maior acercamento da Igrexa aos sectores máis extremistas de dereitas, sendo nun futuro un gran apoio do golpe de Estado de 1936.

1.3. REFORMA EDUCATIVA:

- Ao principios da década dos 30, case a metade da poboación en España era analfabeta > aumento do orzamento en educación un 50%. A Constitución establecerá o ensino obrigatorio laico e gratuito:
 - Decrétese a creación de miles de escolas.
 - Convócanse miles de prazas novas a mestres e mestras.
 - Suba de soldos.
 - Establecemento dunha rede de bibliotecas.
- Fomento da cultura: creación das Misións Pedagóxicas levando a cultura polos pobos e aldeas (García Lorca colaborará co seu grupo teatral *La Barraca*).
- Paralización e certa reversión no Bienio de Dereitas: menor construción de escolas e relaxación do laicismo.

1.4. REFORMA AGRARIA:

- Nesa época, España seguía a ser un país netamente agrario, cunha poboación que se dedicaba fundamentalmente ás tarefas do campo.

- Dominaban os xornaleiros agrícolas sen terras, os pequenos propietarios e arrendatarios de escasos medios (situación moi grave na zona estremeña-andaluza).
- A meirande parte da terra pertencían a unha minoría de grandes propietarios latifundistas.
- Primeiras reformas iniciadas no Goberno Provisional, polo Ministro Largo Caballero. Destacan:
 - Xornada de 8 horas no campo.
 - Protección dos traballadores do campo con seguros de accidente, maternidade...
 - **Decreto de Termos Municipais**: obriga aos patróns a contratar xornaleiros residentes no concello, para impedir a contratación de traballadores alleos en épocas de folga.
- No Bienio Reformista afróntase unha reforma máis ambiciosa: necesidade de reformar o sistema de propiedade das terras → **LEI DE BASES DA REFORMA AGRARIA** (1932): eliminar o exceso de latifundios, redistribuíndo a propiedade, creando unha base de pequenos propietarios, expropiando terras infrautilizadas a través de indemnizacións.
 - Promovíase o uso eficiente da terra e a mellora das técnicas agrícolas.
 - Creación do INSTITUTO DA REFORMA AGRARIA (IRA) para xestionalo.
- Consecuencias:
 - Fortes posturas enfrontadas: oposición dos grandes propietarios e dos comunistas e anarquistas, a favor dunha socialización das terras → forte **RALENTIZACIÓN DA REFORMA**.
- As medidas reformistas foron mal vistas polos grandes propietarios deixando de traballar a terra e de contratar xornaleiros → **FOLGAS**, fundamentalmente convocadas pola CNT-FAI:
 - Destaca a **SUBLEVACIÓN DE CASAS VIEJAS** (Cádiz) en 1933: revolución de carácter comunista libertario, colectivizando terras, coa meirando do pobo atrincherado. Forte represión do Estado (fusilamentos, asasinatos), o que causará un forte impacto na opinión pública.

1.5. REFORMA AUTONÓMICA:

- A Constitución establecía un estado descentralizado, coa autonomía dos municipios e das rexións → inicio da elaboración dos ESTATUTOS DE AUTONOMÍA. Os primeiros en comezar serán as zonas cun nacionalismo máis intenso: Cataluña, País Vasco e Galicia.
- O ESTATUTO CATALÁN: os cataláns xa elaboraran o seu Estatuto antes da aprobación da Constitución. Será aprobado pola maioría dos concellos e levado a referendo popular (99% dos votos afirmativos). O Estatuto establecía:
 - Goberno catalán: a Generalitat.
 - Amplas potestades en facenda, economía, educación, cultura, transportes, e orde pública (Mosso d'Esquadra).

- As primeiras eleccións ao Parlament catalán foron en 1932, gañando Esquerra Republicana, sendo Francesc Maciá o primeiro presidente da Generalitat ata a súa morte, substituído por Lluís Companys.
- Os Estatutos vasco e galego foron máis lentos na súa elaboración e serían aprobados no 36: o galego non entra en vigor pola Guerra Civil e o vasco farano durante a mesma. Así tamén, Asturias redactou un que non chegou a aprobarse por mor da guerra.

1.6. REFORMA LABORAL:

- O seu obxectivo principal era mellorar as condicións de vida da clase traballadora, reducir o poder da patronal e modernizar unhas relacións laborais que seguían sendo moi desiguais, sobre todo no campo.
- Reformas impulsadas polo Ministro de Traballo socialista LARGO CABALLERO.
- Principais medidas:
 - **Xurados Mixtos** (1931) → Órganos formados por representantes de traballadores e empresarios que se encargaban da negociación entre eles. Organizados por sectores e por provincias. Regulaban salarios, horarios e condicións laborais.
 - **Lei de Contratos de Traballo** (1931) → Regulación legal dos contratos laborais; protección fronte ao despedimento arbitrario; recoñecemento de dereitos básicos: vacacións, indemnizacións, seguridade no emprego.
 - Consolidación da xornada laboral de 8 horas.
 - Descanso semanal obrigatorio.
 - **Lei de Termos Municipais.**
- Forte oposición da patronal, grandes empresarios e sectores conservadores.
- Os sindicatos anarquistas consideraban que eran medidas insuficientes.
- Bieño de dereitas → paralización e ralentización de moitas destas medidas.

2) BIENIO DE DEREITAS (novembro 1933-febreiro 1936)

- Tamén chamado Bienio Negro ou Bienio radical-cedista.
- O goberno reformista entra en crise debido á conflictividade social (Casas Viejas), polo que o Presidente Alcalá-Zamora convoca eleccións anticipadas → GAÑAN AS DEREITAS: partido máis votado a CEDA, de Gil Robles. Coalición co Partido Radical de Lerroux.
- Novo presidente de goberno: Lerroux.
- Característica do Bienio → DEROGACIÓN E PARALIZACIÓN DAS REFORMAS:
 - Anúlase a expropiación das terras da Reforma Agraria e derógase a Lei de Termos Municipais.
 - Atraso dos Estatutos galego e vasco.
 - Presuposto para o clero.
 - Amnistía para os responsables da Sanjurjada.

- Os problemas sociais e de corrupción dentro do goberno (Escándalo do straperlo) provoca a convocatoria de novas eleccións:
 - A esquerda únese na FRONTE POPULAR: coalición dos principais partidos de esquerdas → gañan as eleccións en febreiro de 1936.

3) **A FRONTE POPULAR (febreiro-xullo 1936)**

- Alcalá-Zamora e destituído e noméase como Presidente da República a MANUEL AZAÑA.
 - Presidente do goberno: CASARES QUIROGA.
- Reactivación das reformas paralizadas polo Bienio de dereitas.
- A conflitividade social continúa:
 - Folgas e atentados anarquistas.
 - Violencia exercida polos falanxistas (Primo de Rivera entra no cárcere).
- O exército inicia unha conspiración para dar un golpe de Estado: o asasinato do líder de dereitas, Calvo Sotelo acelera a sublevación → GOLPE DE ESTADO O 17 E 18 DE XULLO: INICIO DA GUERRA CIVIL.